

REGULAMENTO NOCTURNA SADA VIRTUAL SOLIDARIA 2020

ARTICULO 1.

O Club Atletismo Sada e o Concello de Sada impulsa a VI edición da carreira benéfica de NADAL. Trátase dun evento solidario para recadar fondos destinados a **Caritas e Cruz Vermella Sada**, entidades ás que se destinará a recadación íntegra do evento e as doazóns "Dorsal 0".

ARTICULO 2. DATAS

A carreira solidaria celebrarase de maneira virtual entre o 17 e o 21 de decembro (ambos os dous incluídos).

ARTICULO 3. INSCRICIÓNS

A inscrición farase exclusivamente na web oficial da carreira www.nocturnasada.ccnorte.com desde o 7 de 2020 ata o 21 de decembro de 2020 (ambos os dous incluídos).

O importe da inscrición é de 5€ por participante, que se poderá realizar a través da plataforma en liña de Championship Norte con pago por TPV habilitada na páxina web da carreira. Dita recadación será destinada a **Cruz Vermella Sada e Caritas Sada**.

Coa inscrición de 5€ os participantes terán dereito participar na carreira e poderán descargar o seu dorsal da carreira dende a web oficial e imprimir directamente.

ARTIGO 4. DISTANCIA E PERCORRIDO

A distancia para percorrer será de 5km nun percorrido libre a elixir por cada usuario.

Co fin de facilitar a realización da carreira, e dadas as restricións de mobilidade ocasionadas pola pandemia do Covid xa existentes en determinadas áreas, e aquelas que poidan xurdir, desde a organización non se propoñen percorridos sobre os que competir, debendo ser o participante o que elixa o percorrido ou percorridos sobre os que participar, e sendo o único responsable de cumprir coa normativa e protocolos Covid no lugar de realización do percorrido. Ademais, deberá ter en conta o respecto e cumprimento da normativa sobre seguridade viaria.

Non está permitida a participación na proba utilizando calquera tipo de vehículo (patinete, bicicletas...), só é posible participar baixo a

modalidade de carreira a pé, excepto para a modalidade de cadeira de rodas ou handbike.

ARTIGO 5. PARTICIPACIÓN e REXISTRO DE ACTIVIDADE

Poderá participar neste evento virtual calquera persoa maior de 16 anos que estea correctamente rexistrada, en tempo e forma, sen límite de idade nin diferenciación de sexo. Os menores de 16 anos para poder participar deberán ir acompañados por un adulto.

Para levar a cabo a actividade optamos por unha solución sinxela e doada para calqueira nivel.

Realización da actividade: Para realizar e medir a túa actividade podes usar calqueira dispositivo que uses normalmente nos teus adestramentos (GPS, calqueira aplicación móbil de running, cronómetro ou facelo nunha cinta de correr). So tes que estar pendente de controlar a distancia e parar o tempo para posteriormente proceder ao rexistro

Rexistro manual: Unha vez realizada a actividade poderás rexistrala no prazo e datas indicadas na web oficial do evento, picando no botón “REXISTRO DE ACTIVIDADE” identificándote co teu dorsal e a data de nacemento. Pedirémosche unha “proba gráfica da túa carreira (captura do track, display do GPS, ou o que creas máis conveniente).

A carreira poderá realizarse e rexistrarse tantas veces coma se precise contando o mellor tempo na clasificación. Poderás editar ou borrar as túas actividades sempre que queiras.

Cada actividade que rexistres actualizará o ranking provisional do evento virtual.

ARTIGO 6: CLASIFICACIÓNS

Esta carreira gañámola todos. A clasificación xeral oficiosa publicarase nesta páxina web. A publicación de tempos é simplemente informativa. Á beira da clasificación, cada participante poderá descargar o seu diploma de participación.

ARTIGO 7: POLÍTICA DE DEVOLUCIÓNS E CAMBIOS

Non se admiten baixas nin cambios de titularidade nas inscricións dado o carácter solidario da inscrición. Non se devolverá o importe da inscrición baixo ningunha circunstancia.

ARTIGO 8. RESPONSABILIDADE

A participación no evento levarase a cabo baixo a responsabilidade e propio risco dos participantes. O participante elixirá libremente e baixo a súa responsabilidade o percorrido e no momento da inscrición, manifesta atoparse fisicamente apto para percorrer 5km. A organización declina toda responsabilidade dos danos que os participantes poidan ocasionar durante a proba, causarse eles mesmos ou derivar deles a terceiros.

A entidade organizadora queda eximida de calquera tipo de responsabilidade e, especialmente, nos seguintes casos:

- O participante exímelle de calquera tipo de responsabilidade e manteralle indemne de calquera reclamación como consecuencia dos danos e prexuízos, xa sexan físicos ou de calquera outra índole, que puidesen ocasionarse durante a carreira e que puidese sufrir o participante, ou calquera terceiro, por calquera acción ou omisión non imputable ao organizador, e que puidese derivarse da actividade que desenvolverá durante a carreira.
- Do percorrido que libremente escollese o participante, e do cumprimento da normativa existente respecto da pandemia no lugar da realización do percorrido. Así mesmo, o participante eximirá de calquera responsabilidade ao organizador respecto ao cumprimento sobre a seguridade viaria.
- Por calquera dano, incidencia e/ou reclamación, de toda índole, por parte de calquera participante, ou de calquera terceiro, derivada do uso da carreira.
- Queda exonerado de toda responsabilidade en caso de mal funcionamento da aplicación ou das redes de comunicación telefónicas que impidan o normal desenvolvemento da carreira.
- Dos casos de forza maior que puidesen impedir ao participante o goce total ou parcial da carreira.
- Dos danos e prexuízos de toda natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade de funcionamento dos servizos mediante os que se participa, á defraudación da utilidade que os participantes houberen podido atribuír aos mesmos, e en particular, aínda que non de modo exclusivo, aos fallos no acceso á app ou á páxina web habilitadas para o efecto.

- No caso de que existise algún erro nos datos facilitados polo participante que impedise a súa identificación.

ARTIGO 9. CONSIDERACIÓNS

A inscrición é persoal e intransferible e supón a aceptación total do Regulamento da proba. Baixo ningún concepto, unha vez formalizada a inscrición, poderase transferir a participación a outra persoa por motivo de non poder participar na proba ou calquera outra circunstancia. Todos os participantes, polo feito de inscribirse, aceptan o presente Regulamento e no caso de dúbida ou de situacións non reflectidas no mesmo, resolverase conforme o que determine a entidade organizadora da proba.

ARTICULO 10. ACEPTACIÓN E PROTECCIÓN DE DATOS

Participación na carreira

O Club Atletismo Sada CIF G-15588296 e dirección R/ A Lagoa, 11, 5 B, tratará os datos identificativos do participante, así como os de xeolocalización do seu dispositivo cando acceda á aplicación da carreira para xestionar a súa participación na carreira.

Promoción da iniciativa

Os participantes poden compartir imaxes relacionadas coa súa participación na carreira mediante redes sociais que serán compartidas por nós coa finalidade de promocionar e dar a coñecer a carreira e a iniciativa.

Exercicio de dereitos e máis información

Podes acceder, rectificar e suprimir os teus datos, así como exercer outros dereitos en secretaria@clubatletismosada.com

ARTIGO 11. RESERVAS

A organización resérvase o dereito de modificar calquera cuestión da carreira comunicándoo coa suficiente antelación para que os participantes estean informados, a través da páxina web e medios de comunicación propios.

ARTIGO 12. INFORMACIÓN

O contacto para incidencias ou para recibir máis información poderase realizar a través do apartado de 'contacto' desta páxina web, a través da páxina de Facebook Club Atletismo Sada ou no correo secretaria@clubatletismosada.com

